



Unidade 2

# **Nin frío nin quente**

# Que sabemos do tempo atmosférico?

(PÁX.28-29 libro)

## O TEMPO ATMOSFÉRICO

É moi variable e pode cambiar, como sabemos, no mesmo día. O tempo atmosférico é o **estado da atmosfera nun lugar e momento determinados**. Os meteorólogos son as persoas que explican este estado para varios días.

## Elementos para predicir o tempo atmosférico nunha determinada zona:

VENTO

PRESIÓN  
ATMOSFÉRICA

TEMPERATURA

PRECIPITACIÓNS

# O clima. Definición e elementos (páx. 30 libro)

O **CLIMA** é o conxunto dunhas condicións atmosféricas propias dunha zona, isto é, é o **conxunto de características meteorolóxicas que se repiten durante un longo período de tempo nun lugar ou zona.**

*Os elementos que compoñen o clima son:*

**TEMPERATURA**: grao de calor que ten a atmosfera.

**VENTO**: o aire da atmosfera en movemento.

**PRESIÓN ATMOSFÉRICA**: a forza que o aire da atmosfera exerce sobre a superficie terrestre

**HUMIDADE**: cantidade de vapor de auga que hai na atmosfera.

**PRECIPITACIÓN**: a cantidade de auga que cae sobre a superficie terrestre en forma líquida ou sólida.

# O clima. Factores que o condicionan

(páx. 30 libro)

Os *factores* que condicionan o clima son:

A **LATITUDE** é a distancia que hai desde un punto determinado do planeta a calquera punto do Ecuador. Canto máis próximos esteamos do Ecuador, as temperaturas serán máis altas.

A **ALTITUDE** é a distancia dun punto en relación ao nivel do mar. Este factor inflúe na temperatura e nas chuvias. Máis elevado é o lugar, máis baixa é a temperatura.

A **PROXIMIDADE AO MAR**. O mar actúa como modelador das temperaturas pois absorbe a calor do sol e pórdea lentamente. De aí que as temperaturas sexan máis suaves e estables na costa.

# As zonas climáticas do planeta (páx.32-33 libro)

A forma da Terra xera distintas zonas climáticas, segundo chegan os raios do Sol á superficie terrestre. As **zonas climáticas** son aqueles territorios que teñen un clima, temperaturas e precipitacións parecidas cada ano.


ZONA FRÍA

ZONA TEMPERADA

ZONA CÁLIDA

ZONA TEMPERADA

ZONA FRÍA



# Os climas de España (páx.34-35 libro)

A Península Ibérica (España e Portugal) está situada na zona temperada pero ten unha variedade climática como o *clima oceánico*, o *mediterráneo interior* e o *mediterráneo litoral*. Amais, as illas Canarias están próximas á zona cálida e, polo tanto, ten un *clima subtropical* e nas áreas montañosas ten un *clima de alta montaña* polo frío.




Podemos dicir que España ten unha gran variedade de climas: **clima oceánico**, **clima mediterráneo interior** e **de litoral**, **clima de alta montaña** e **clima subtropical**.

# Os climas de España (páx.34-35 libro)

|                                    | ZONA   | PRECIPITACIÓNS                                | TEMPERATURAS   |
|------------------------------------|--|---|--|
| <b>CLIMA OCEÁNICO</b>              | Galicia e a costa cantábrica                 | Constantes, agás no verán                     | Suaves todo o ano                                      |
| <b>CLIMA MEDITERRÁNEO INTERIOR</b> | Interior de España                           | Escasas, principalmente en primavera e outono | Inverno moi frío e logo. Veráns curtos e moi calorosos |
| <b>CLIMA MEDITERRÁNEO LITORAL</b>  | Costa mediterránea e andaluza                | Escasas e irregulares, ás veces torrenciais   | Invernos suaves e veráns cálidos                       |
| <b>CLIMA DE MONTAÑA</b>            | Zonas elevadas por encima de 1200 m altitude | Neve no inverno e chuvia no verán             | Invernos fríos e veráns frescos                        |
| <b>CLIMA SUBTROPICAL</b>           | Illas Canarias                               | Escasas, máis frecuentes no norte             | Cálidas e suaves todo o ano                            |

# Os climogramas

Os *climogramas* son gráficos nos que se representan resumidos as temperaturas e precipitacións recollidos nunha estación meteorolóxica. Preséntanse os datos medios de cada mes do ano tanto das precipitacións como das temperaturas dun determinado lugar. Con ese datos, podemos encontrar o clima desa zona.





# Coidemos o noso planeta (páx.36-37 libro)

<https://www.youtube.com/watch?v=YR8tYqSN8Rw> o quecemento global e o efecto invernadoiro

## CAUSAS DO QUECEMENTO GLOBAL



deforestación

Exceso de gases



Máis poboación

# Coidemos o noso planeta

Por **Consumo Responsable** entendemos á elección dos produtos e servizos non so en base a súa calidade e prezo, senón tamén polo seu impacto ambiental e social, e pola conducta das empresas que os elaboran. Tamén é consumir menos, é dicir, comprar o estrictamente necesario.

## 4 consumos responsables:

- Evita os envoltorios plásticos
- Cambia o centro comercial polo mercado pequeno
- Uso de envases retornables e reutilizables
- Apaga as luces



# Coidemos o noso planeta

O desenvolvemento sostible

<https://www.youtube.com/watch?v=gQBJfYIDOvA>



O **desenvolvemento sostible** consiste en poder satisfacer as necesidades do presente sen repercutir negativamente no futuro. Isto é, garantindo o medio ambiente, o benestar social e o crecemento económico.